

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DOS EVENTOS DE MÚSICA ELECTRÓNICA DENOMINADOS "LINGUA URBANA" E "WAKE UP NO GAIÁS" NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640. Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016.

E doutra parte, **AMORINFES, S.L.**, con domicilio social en Avda. del puerto 3, CC Los Cantones Village 1º andar, 15003, A Coruña, provista de CIF B75776492. Está representada neste acto por Luís Miguel Diz González, con DNI ***6639**, en calidade de administrador segundo escritura.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (o "Convenio"), e ao efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que en data de 05 de agosto de 2025 a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e AMORINFES, S.L., asinaron un convenio de colaboración para a celebración dos eventos de música electrónica "Lingua Urbana" e "Wake up no Gaiás", polo que a Fundación se obrigaba a ceder gratuitamente espazos para ditos eventos. Esta obriga, non comporta aportación económica por parte da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Segundo.- Que debido as condicións climáticas, non é posible a celebración dos eventos de música electrónica "Lingua Urbana" e "Wake up no Gaiás" na Cidade da Cultura de Galicia.

Terceiro.- Que, dado que a cancelación dos eventos de música electrónica "Lingua Urbana" e "Wake up no Gaiás", na Cidade da Cultura de Galicia non xera ningún prexuízo económico á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, nin risco reputacional ou á imaxe desta Fundación, ambas partes invocan o contido da cláusula décimo quinta apartado primeiro do convenio de colaboración, e

ACORDAN



ÚNICA.- Resolver de mutuo acordo o convenio de colaboración para a realización dos eventos de música electrónica denominados "Lingua Urbana" e "Wake Up no Gaiás" na Cidade da Cultura de Galicia, deixando o mesmo sen efectos á data de sinatura do presente acordo.

E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, por duplicado, e para un só efecto, no lugar e data do encabezamento.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por AMORINFES, S.L.

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

Luis Miguel Diz González
Administrador

